

NOTA DE PRENSA

O Colexio de Psicoloxía forma a máis de corenta profesionais en coidados paliativos pediátricos

Santiago de Compostela, 20 de febreiro de 2019. Mañá venres 22 e o sábado 23 de febreiro terá lugar o curso “Atención psicolóxica e social ao neno ou nena, familia e profesionais en coidados paliativos pediátricos” impartido polo equipo multidisciplinar (psicóloga, traballadora social e médico) da Unidade de coidados Paliativos do Hospital Universitario do Niño Jesús da Comunidade Autónoma de Madrid. Máis de corenta psicólogos e psicólogas asistirán a esta formación que se impartirá na aula 1 do Hospital Clínico de Santiago de Compostela.

Os Coidados Paliativos Pediátricos aínda son descoñecidos no ámbito da pediatría en España, xa que sobre todo nos países desenvolvidos, a pediatría é unha especialidade con potencial de vida. Con todo, as enfermidades son inexorables. Sen ir máis lonxe, en España morren todos os anos 3.000 nenos e nenas, e iso é así a pesar dos avances e da tecnoloxía. Ademais, a estes nenos e nenas debemos sumar aqueles cuxo falecemento non é inminente, pero cun diagnóstico e prognóstico grave e que a súa enfermidade, a día de hoxe, resulta incurable.

Os Coidados Paliativos Pediátricos é unha cuestión de calidade asistencial, unha maneira de prestar a asistencia sanitaria centrada nas persoas, entendendo como persoas no ámbito da pediatría: os nenos e nenas, as súas familias e os/as profesionais que os atenden. Os coidados paliativos ocúpase da vida das persoas ata que lles toca morrer. Non se ocupa da morte. Non se ocupan do cando senón do como. É unha corrente dentro do movemento da humanización sanitaria, á que poderíamos chamar personalización ou medicina personalizada. Xorden como necesidade para abordar unha situación na que o falecemento prematuro é o usual aínda que non inminente, tratándoos como persoas. Son por tanto, os coidados paliativos un cambio na cultura de atención ao paciente, unha maneira de humanizar o sistema.

Os equipos profesionais de coidados paliativos pediátricos son equipos multidisciplinares: médicos/as (pediatras), anestesistas, psicólogos/as, traballadores/as sociais, fisioterapeutas, farmacéuticos/as, referentes espirituais. Ademais, os Coidados Paliativos Pediátricos poden recibilos tanto no hospital como no domicilio, pero o certo é que cando se lle pregunta ao neno ou nena e á súa familia onde prefiren estar a opción, na maioría das ocasións, é no domicilio xa que este contexto facilita que os nenos e nenas manteñan o seu mundo e vínculos, e para a familia é máis fácil xestionar asuntos

económicos e loxísticos. Ademais, para o sistema sanitario é tamén bo, xa que os Coidados Paliativos Pediátricos a domicilio son eficientes e reducen custos a longo prazo.

Dentro dos Coidados Paliativos Pediátricos o papel do psicólogo ou psicóloga clínica é fundamental. Así, o apoio emocional ao paciente pediátrico, familia e persoal sanitario; o acompañamento nas diferentes etapas do proceso; a intervención en momentos de crises ou dó; o desenvolvemento ou potenciación de estratexias de afrontamento e manexo ante crises ou cambios no proceso; o apoio e asesoramento na toma de decisións referidas ao tratamento ou intervención, son algunhas das funcións que desenvolverá como profesional.

Por tanto, a partir dos Coidados Paliativos Pediátricos trátase de instaurar un modelo de humanización e de calidade asistencial desde o que se presta unha atención ao/á paciente pediátrico/a complexo e á súa familia, no que se lles respecte como persoas, téñanse en conta os seus vínculos e as súas áreas relevantes como poden ser o colexio ou actividade laboral, no que se lles facilite uns recursos económicos suficientes para seguir adiante e que cando ingresen no centro hospitalario poidan estar o máis confortables posible.

A pesar diso, actualmente a atención en Coidados Paliativos Pediátricos non se ofrece de forma igualitaria nas diferentes comunidades autónomas, xa que hai inequidade: en cantidade, tipo e composición de servizos, tempo que se presta ao día. De feito en Galicia, tan só a área sanitaria de Santiago de Compostela conta cunha Unidade de Coidados Paliativos formada hai pouco máis dun ano, que atende uns 50 nenos e nenas con enfermidades de diferente índole, que aínda que é certo a maioría non comportan falecemento inminente, a súa curación a día de hoxe non é posible, e moitos deles non chegarán á idade adulta.

Saúdos,

Departamento de comunicación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

Eliana Martíns
981 534 049 / 699 908 968
comunicacion@copgalicia.gal